

Gobernar obedecendo.

Código de ética política da



**INICIATIVA
CIDADÁ DE
MUGARDOS**



PARTICIPACIÓN CIDADÁ, RENOVACIÓN, APERTURA E NORMALIZACIÓN POLÍTICA

Este documento recolle un código de prácticas e accións concretas que as persoas que ocupen cargos electos e de libre designación deberán cumprir para asegurar unha xestión política comprometida e próxima á cidadanía. Con mecanismos eficaces de transparencia no financiamento e rendición de contas, democráticos e populares, e con espazos reais de participación e decisión da cidadanía nos asuntos públicos.

Tamén se expoñen diversos compromisos e medidas que teñen como obxectivo garantir que todos poidan dedicar o tempo necesario á xestión política e ás funcións públicas e, ao mesmo tempo, acabar cos privilexios dos que, durante moitos anos, gozou boa parte da clase política, e que provocaron un grave afastamento dos intereses da cidadanía.

Este compromiso de ética política parte da confianza e o compromiso que esta candidatura mantén coas persoas que ocuparán un cargo de responsabilidade pública, ademais de establecer un mecanismo de apoio, supervisión e control á súa tarefa.

As persoas que ocupen cargos públicos baixo o mandato deste código de ética política, comprométese tamén a impulsar os instrumentos e mecanismos legais necesarios para que estes principios éticos convértanse en norma obrigatoria para todos na administración municipal.

Este código ético quere ser flexible, dinámico e conciso. A candidatura traballará nun regulamento que concrete e faga operativos os principios do código ético.

Os principios recollidos neste código ético comprometen a todas as persoas da candidatura que ocupen cargos electos, de libre designación e xerenciais, tanto do Concello de Mugar dos Seguros como das outras institucións existentes no municipio e no seu ámbito de influencia —públicas e semipúblicas— onde o Concello ten participación financeira, e nos espazos de toma de decisións.

Todas estas persoas comprométese a:

Defender a aplicación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos nos ámbitos social, político e institucional da nosa sociedade.

1. Democratización da representación política, fiscalización e rendición de contas.

- 1.1. Defender o establecido no programa político da candidatura e actuar como representantes, obrigados a seguir as decisións tomadas nos mecanismos democráticos e abertos a toda a poboación que fixe a candidatura. Empregarán, ademais, o diálogo, a argumentación, a escoita activa e o debate de ideas, tanto en campaña electoral como no exercicio das súas responsabilidades públicas, para promover as súas

propostas. Promovendo desta forma a corresponsabilidade política de todos e todas.

- 1.2. Facer públicas as axendas dos representantes, facendo visible con quen se reúnen e os temas que se tratan. Faranse públicos tamén as ordes do día e as actas das reunións.
- 1.3. Facilitar todos os ingresos, bens e rendementos patrimoniais dos representantes, así como todos aqueles datos necesarios para a detección de posibles conflitos de intereses e a elaboración de auditorías cidadás. Este compromiso estenderase aos 3 anos seguintes á súa saída da función pública.
- 1.4. Facer públicos os criterios de contratación dos cargos de libre designación.
- 1.5. Render contas das súas actuacións ante a cidadanía, mediante instrumentos presenciais e virtuais, asemblearios, democráticos e abertos a todos, de ámbito sectorial ou de zona (vila, barrio ou parroquia). A información presentarase sempre empregando formatos abertos que permitan o acceso e utilización de dita información ós cidadáns.
- 1.6. Aceptar a censura (e revogación, no seu caso) de concelleiras/as e cargos de libre designación por mala xestión ou por incumprimento flagrante e non xustificable do programa ou deste código ético. Para que isto sexa posible, estableceranse mecanismos de garantía e avaliación da xestión das persoas con cargos públicos da candidatura, e a cidadanía terá o dereito e o deber de participar activamente no control e seguimento do labor dos cargos públicos para garantir unha correcta e honesta aplicación deste principio.
- 1.7. Non acceder durante un período, mínimo de 5 anos, a cargos de responsabilidade en empresas creadas, reguladas, supervisadas, ou que fosen beneficiarias dun contrato municipal, dentro do ámbito e/ou sector onde desenvolveu a súa función representativa. En ningún caso ocuparanse cargos nos consellos de administración destas.
- 1.8. Manter un contacto habitual con colectivos en situación de vulnerabilidade. Garantir o espazo necesario nas súas axendas para atendelos e dar respostas ás súas propostas, e ter presentes á hora de tomar decisións os informes das persoas da administración que traballan con estes colectivos.
- 1.9. Garantir a participación da cidadanía na toma de decisións relevantes e no posicionamento político da candidatura sobre temas estratéxicos e proxectos de impacto social, ambiental ou urbanístico na vila, parroquias ou barrios, tendo en conta os principios de subsidiariedade e solidariedade. Todas as persoas que ocupen cargos electos e de designación comprométese a impulsar e apoiar todas as iniciativas cidadás propostas a través do marco legal vixente ou no marco da candidatura (a escala de barrio, parroquia ou vila).